

INFORME SITUACIÓN SOCIO LABORAL DA MULLER



ConselloGalego
das**Mulleres**

Comisión Situación Socio Laboral da Muller

XUNTA DE GALICIA

Informe Situación Socio Laboral da Muller

Coordinación: Secretaría Xeral da Igualdade

Elaboración: Comisión de Situación Socio Laboral da Muller do Consello Galego das Mulleres

Aprobación: Pleno do Consello Galego das Mulleres, na súa reunión do 3 xuño de 2016

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| INTRODUCCIÓN | 1 |
| 1. CONTEXTO..... | 2 |
| 1.1. TAXA DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO DAS MULLERES EN GALICIA..... | 3 |
| 1.2. POBOACIÓN INACTIVA POR SEXO E POR SITUACIÓN DE INACTIVIDADE..... | 4 |
| 1.3. SITUACIÓN DA POBOACIÓN FEMININA DESEMPREGADA- COMPARATIVA GALICIA- ESPAÑA | 8 |
| 2. ÁREAS DE TRABAJO: | 12 |
| 2.1. EMPREGO: EMPRENDEMENTO, AUTOEMPREGO E EMPREGO POR CONTA ALLEA | 12 |
| 2.2. CONCILIACIÓN E USOS DO TEMPO..... | 27 |
| 2.3. FENDA DIXITAL DE XÉNERO..... | 34 |
| 2.4. EMPODERAMENTO, LIDERADO E POSTOS DE RESPONSABILIDADE..... | 42 |
| 3. CONCLUSIÓNS | 49 |
| 4. ANEXO: TÁBOAS DESAGREGADAS..... | 56 |
| ACTUALIZACIÓN DE DATOS. ANO 2015 | 70 |

INTRODUCCIÓN

Nas últimas décadas, a muller incrementou a súa presenza en todos os ámbitos: social, laboral e político. A pesar desta evolución, é preciso continuar traballando na visibilización do seu traballo e o seu esforzo por participar activamente na sociedade. Seguen existindo importantes fendas de xénero, por iso no seo do Consello Galego das Mulleres considerouse a necesidades de analizar a situación actual da realidade sociolaboral das mulleres en Galicia.

A incorporación por parte das administracións públicas de novas medidas para acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes xunto co traballo da sociedade para que sexa unha realidade, son o punto de partida para coñecer e identificar as principais dificultades que aínda persisten e empregar este órgano participativo para trasladar ás entidades competentes e á sociedade en xeral a necesidade de seguir traballando neste eido.

Neste documento recollemos as principais variables de análise identificadas polas participantes na Comisión da situación sociolaboral das mulleres, recoñecendo que a realidade das mulleres en Galicia non é homoxénea e que son importantes as diferenzas baseadas en factores demográficos ou xeográficos, segundo tamén se abordará na Comisión de Muller rural.

A estrutura do mercado de traballo está condicionada por factores como a idade, a formación ou o sector de actividade pero, ademais desta análise, é primordial un estudo en profundidade de factores sociais e familiares, como son a conciliación da vida persoal, para entender o contexto no que traballamos. Os cambios sociais e culturais das últimas décadas fan que a vida das persoas tamén vaia evolucionando e soportando a adaptación das familias e dos seus membros, o que deriva en novos usos do tempo, nos que a diferenza entre mulleres e homes é evidente.

De igual xeito abordarase un dos principais factores de risco de exclusión social, a fenda dixital de xénero en Galicia e a súa comparativa con España e a Unión Europea.


Para concluír analizaremos a participación das mulleres nos diferentes ámbitos de toma de decisións: representación política, poder executivo, xudicial e das administracións e institucións públicas e privadas, así como a visibilidade no entorno empresarial e nos ámbitos do coñecemento, científicos e investigadores.

1. CONTEXTO.

A presenza das mulleres no mercado laboral é unha realidade que demanda o recoñecemento efectivo da igualdade de oportunidades para mulleres e homes, tanto no ámbito do acceso ao emprego como das condicións de traballo.

O traballo é o factor relevante na realización profesional das persoas ademais de actuar como facilitador da autonomía económica e xerar un valor para o conxunto da sociedade.

Ata o ano 2014, a taxa de actividade da muller tivo unha tendencia alcista, reducindo as diferenzas porcentuais coa taxa de actividade dos homes ata ese momento.



Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

Os datos do ano 2014 para Galicia reflicten unha diferenza de 10 puntos porcentuais na taxa de actividade entre mulleres e homes, sendo inferior á diferenza en España que se sitúa en 12,10 puntos porcentuais.

| ANO 2014 | Total | Mulleres | Homes |
|----------------------------|-------|----------|-------|
| Taxa de actividade Galicia | 53,8 | 49 | 59 |
| Taxa de actividade España | 59,6 | 53,7 | 65,8 |

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

En Galicia a taxa de actividade das mulleres é 10 puntos porcentuais inferior á dos homes (ano 2014).

A participación laboral das mulleres en Galicia segue sendo inferior á media europea, pero cunha evolución positiva se temos en conta que no último ano de ciclo expansivo, ano 2007, a taxa de actividade das mulleres en Galicia era do 45,95% fronte á media na UE-28 de 49,9%, 3,95 puntos porcentuais de diferenza. No ano 2013 a diferenza reduciuse a 2,12 puntos porcentuais sendo a taxa de actividade das mulleres en Galicia do 48,98% e a taxa de actividade das mulleres no conxunto de Europa 51,10%.

1.1. TAXA DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E PARO DAS MULLERES EN GALICIA

O resumo dos datos laborais da muller en Galicia do ano 2014 son:

En Galicia a **taxa de actividade** das mulleres é do **49 %**.

A **taxa de ocupación** é do **38,4 %**.

A **taxa de paro** é do **21,7%**.

En termos xeográficos, a maior **taxa de actividade** das mulleres en Galicia corresponde á provincia da Coruña co 50,2%, pola contra, a taxa máis baixa correspóndese coa provincia de Ourense co 43,9%.

A **taxa de paro** baixou en todas as provincias, a excepción da provincia de Pontevedra, que é a que rexistra a maior taxa de paro cun 25,2%. A menor taxa de paro das mulleres en Galicia é a da provincia da Coruña, cun 17,4%.

Taxa de actividade e paro por provincia. Datos da poboación feminina.

Comparativa ano 2013-2014

| | Taxa actividade | Taxa paro |
|-------------------|--------------------|--------------|
| A Coruña | | |
| 2013 | 50,2 | 17,5 |
| 2014 | 50,2 | 17,4 |
| Lugo | | |
| 2013 | 47,6 | 19,6 |
| 2014 | 47,3 | 18,5 |
| Ourense | | |
| 2013 | 43,3 | 22,8 |
| 2014 | 43,9 | 21,1 |
| Pontevedra | | |
| 2013 | 49,9 | 23,5 |
| 2014 | 49,9 | 25,2 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa, anos 2013 e 2014

1.2. POBOACIÓN INACTIVA POR SEXO E POR SITUACIÓN DE INACTIVIDADE

A poboación inactiva incrementouse no ano 2014 e este incremento reflíctese case do mesmo xeito na poboación feminina que na masculina. En termos porcentuais, no ano 2014, do total de poboación inactiva en Galicia, as mulleres representaban o 58% do total fronte ao 42% dos homes.

Poboación inactiva por sexo. Comparativa ano 2013-2014


Unidades: miles de persoas

| | Ano 2013 | | | Ano 2014 | | |
|---------------------------|----------|----------|-------|----------|----------|-------|
| | Total | Mulleres | Homes | Total | Mulleres | Homes |
| Poboación inactiva | 1091,4 | 633,3 | 458 | 1094,7 | 629,5 | 465,3 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

Poboación inactiva por situación de inactividade e sexo. Ano 2014
unidades: miles de persoas

| | Poboación total | Mulleres | Homes |
|---|-----------------|----------|-------|
| Totais | 1094,7 | 629,5 | 465,3 |
| Persoas xubiladas ou pensionistas | 135,9 | 68,2 | 67,8 |
| Persoas dedicadas aos labores do fogar | 629,8 | 325,8 | 304 |
| Incapacitación permanente | 217,7 | 185,1 | 32,7 |
| Outra | 93,9 | 44,7 | 49,2 |
| Estudantado | 17,3 | 5,7 | 11,7 |



Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

A metade da poboación inactiva feminina en Galicia é xubilada ou pensionista, dato inferior ao dos homes xubilados ou pensionistas que representan o 65,3% do total de inactivos. As mulleres dedicadas aos labores do fogar representan un 29% do total de mulleres inactivas fronte ao 7% dos homes dedicados aos labores do fogar.

No ano 2014, as mulleres xubiladas ou pensionistas representan a metade da poboación inactiva feminina.

Na comparativa entre os anos 2014 e 2013 reduciuse en máis de 6.000 mulleres aquelas dedicadas aos labores do fogar e reduciuse tamén en 6.000 o número de mulleres con incapacidade permanente. Pola contra, nese mesmo intervalo de tempo incrementouse en máis de 9.000 mulleres as retiradas ou xubiladas.

Na poboación inactiva, unha causa importante para non buscar emprego é o coidado de familiares ou outras responsabilidades neste eido. O 15,7 % das mulleres inactivas atópanse nesta situación, mentres que nos homes esa cifra non acada o 2,3%.

Poboación inactiva por sexo e motivos para non buscar emprego. Ano 2014

Unidades: miles de persoas

| | Total | Mulleres | Homes |
|--|--------|----------|-------|
| Total | 1094,7 | 629,5 | 465,3 |
| Cre que non o vai atopar | 35,6 | 22,5 | 13,1 |
| Está afectado/a por unha regulación de emprego | 1,1 | 0,4 | 0,7 |
| Por enfermidade ou incapacidade propia | 124,3 | 57,1 | 67,2 |
| Coidado de nenos/as ou de persoas adultas enfermas, discapacitadas ou maiores | 34,9 | 32,2 | 2,7 |
| Ten outras responsabilidades familiares ou persoais | 74,3 | 66,6 | 7,6 |
| Está cursando estudos ou recibindo formación | 138,5 | 69 | 69,5 |
| Está xubilado/a | 260,3 | 99,2 | 161,1 |
| Outras razóns | 84,3 | 72,4 | 11,9 |
| Non sabe | 1,1 | 0,6 | 0,5 |
| Non aplicable | 340,4 | 209,6 | 130,8 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

A incorporación da muller ao mercado de traballo está moi vinculada ao cambio xeracional, polo que existen diferenzas notables en taxas de emprego por idades. A taxa de emprego entre a poboación de menor idade está asociada á prolongación dos anos de formación, casuística que é común a mulleres e homes.

Taxa de actividade e ocupación por grupos de idade e sexo. Comparativa ano 2013-2014

Unidades: miles de persoas

| | | Galicia | | De 16 a 24 anos | | De 25 a 54 anos | | De 55 e máis anos | |
|---------------------------|-----------------|---------|------|-----------------|------|-----------------|-------------|-------------------|-------------|
| | | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 |
| Taxa de actividade | Mulleres | 49 | 49 | 33,4 | 32,5 | 81,5 | 81,9 | 15,9 | 16,4 |
| | Homes | 59,9 | 59 | 36,9 | 36,4 | 89,9 | 89,4 | 24,5 | 23,9 |
| Taxa de ocupación | Mulleres | 38,3 | 38,4 | 17,1 | 16,9 | 64,2 | 64,3 | 13,7 | 14,2 |
| | Homes | 47,1 | 46,2 | 18,1 | 18,6 | 70,6 | 71 | 20,5 | 19,9 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa, anos 2013 e 2014

Segundo *Labour Force Survey* de EUROSTAT e os datos que achega para o emprego en España e a Unión Europea, a taxa de emprego de homes e mulleres entre 25 e 49 anos con fillos/as e sen fillos/as presenta valores claramente diferentes. Os homes sen fillos/as teñen unha taxa

de emprego 10 puntos porcentuais superior á das mulleres e no caso de ter descendencia, esta diferenza incrementáse ata 20 puntos porcentuais.

As mulleres sen descendencia teñen unha taxa de emprego 6 puntos porcentuais superior ás nais.

No caso dos homes, a taxa de actividade sempre é maior cando teñen fillos/as que cando non os teñen, a excepción dos pais con 3 ou máis fillos/as. As mulleres sen fillos/as teñen unha taxa de emprego superior ás mulleres que son nais, cunha diferenza media de máis 6 puntos porcentuais entre elas.

A taxa de ocupación mantén unha correlación directa coa idade dos fillos/as, canto menor é esta, menor é a taxa de ocupación das súas nais.

Taxa de ocupación en España por sexo e número de fillos/as. Comparativa ano 2012-2013

Unidades: miles de persoas

| | 2013 | | 2012 | |
|---|-------|----------|-------|----------|
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Sen fillos/as | 74,6 | 64 | 75,2 | 64,6 |
| Con fillos/as | 77,9 | 57,8 | 78,1 | 57,9 |
| 1 fillo/a | 77,2 | 57,8 | 77,6 | 58,4 |
| 2 fillos/as | 80,8 | 58,6 | 80,6 | 57,3 |
| 3 fillos/as ou máis | 69,2 | 49,2 | 69 | 51,6 |
| Incidencia nas taxas de emprego con fillos/as / sen fillos/as | 3,3 | -6,3 | 2,9 | -6,7 |

Fonte: Eurostat, Labour Force Survey


Segundo esta mesma enquisa, o nivel educativo das mulleres con descendencia é relevante á hora de manter unha vinculación co mercado laboral. As mulleres con educación terciaria (superior á educación secundaria) teñen unha taxa de ocupación próxima ao 80%, aínda no caso de ter fillos/as menores de 6 anos. No caso contrario sitúanse as mulleres con estudos

básicos (ESO), para as que a taxa de ocupación cando teñen fillos/as de corta idade é próxima ao 40%.

Este dato fai relevante as dificultades de conciliación das mulleres con fillos/as pequenos/as con especial incidencia na poboación con menor nivel de estudos, xa que a incorporación das mulleres ao mercado de traballo non levou aparelada a asunción das tarefas domésticas e das responsabilidades familiares polos homes.

A pesar da redución da fenda de xénero na poboación ocupada, segue sendo importante o dato de desemprego da muller.

1.3. SITUACIÓN DA POBOACIÓN FEMININA DESEMPREGADA- COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA



Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

A taxa de paro en Galicia é inferior á media española, e os valores entre homes e mulleres nos últimos 3 anos son practicamente iguais.

| ANO 2014 | Total | Mulleres | Homes |
|----------------------|-------|----------|-------|
| Taxa de paro Galicia | 21,65 | 21,69 | 21,62 |
| Taxa de paro España | 24,44 | 23,60 | 25,43 |

As diferenzas son máis visibles se facemos a desagregación por idades, debido ao incremento da taxa de paro das mulleres de entre 25 e 54 anos e á redución en preto de 0,8 puntos da

taxa de paro dos homes nesa mesma franxa de idade, polo que as diferenzas entre mulleres e homes sitúanse en 0,9 puntos porcentuais.

Taxa de ocupación e paro por grupos de idade e sexo. Comparativa ano 2013-2014

| | | Galicia | | De 16 a 24 anos | | De 25 a 54 anos | | De 55 e máis anos | |
|-------------------|----------|---------|------|-----------------|------|-----------------|------|-------------------|------|
| | | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 |
| Taxa de ocupación | Mulleres | 38,3 | 38,4 | 17,1 | 16,9 | 64,2 | 64,3 | 13,7 | 14,2 |
| | Homes | 47,1 | 46,2 | 18,1 | 18,6 | 70,6 | 71 | 20,5 | 19,9 |
| Taxa de paro | Mulleres | 21,9 | 21,7 | 48,7 | 47,9 | 21,3 | 21,5 | 13,6 | 13,4 |
| | Homes | 22,2 | 21,6 | 50,9 | 48,9 | 21,4 | 20,6 | 16,2 | 16,7 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa, anos 2013 e 2014


No ano 2014, o 56% das persoas desempregadas que buscan o seu primeiro emprego son mulleres.

A poboación feminina en situación de desemprego no ano 2014 era de 131.200 mulleres, dato inferior á poboación masculina en situación de desemprego que acadaba os 144.600 homes. No caso daquelas persoas que buscan o seu primeiro emprego, no ano 2014 as mulleres representan o 56% do total. A dificultade para atopar unha primeira experiencia laboral é unha das principais trabas para unha participación igualitaria no mercado laboral. Esta situación reflíctese en todos os grupos de idade coa excepción da poboación entre 16 e 24 anos, na que é maior o número de homes que buscan o seu primeiro emprego que de mulleres¹

¹ Anexo Táboa 7. Poboación de 16 e máis anos por relación coa actividade económica, sexo e grupos de idade. Ano 2014

Situación da poboación parada por sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas



Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

Outro factor relevante na incorporación ao ámbito laboral é a formación académica. Segundo *Labour Force Survey* de EUROSTAT o avance educativo nos últimos anos e a equiparación entre ambos sexos é evidente, e no caso da educación superior as mulleres contan cuns resultados superiores aos homes incrementando a media europea.

En España o 45,9% das mulleres teñen un título de educación superior, 10 puntos por encima dos homes. Se realizamos a comparativa coa UE-27 no ano 2010, as mulleres con título universitario eran o 37,2%, fronte ao 30% dos homes.

En Galicia, o comportamento é similar á media estatal, o 40,4 % das mulleres entre 25 e 64 anos teñen un título de educación superior 10 puntos máis que os homes. Os desequilibrios máis evidentes entre homes e mulleres en relación ao seu nivel educativo atópase nas persoas maiores de 55 anos, onde a poboación masculina ten maior nivel formativo que as mulleres, tanto en educación secundaria de segunda etapa como superior.

Poboación segundo sexo, nivel de formación acadado e actividade económica. Ano 2014

Unidades: miles de persoas

| | Total | Mulleres | Homes | Porcentaxe mulleres | Mulleres por cada 100 homes |
|---|--------|----------|-------|---------------------|-----------------------------|
| Poboación activa | 1273,9 | 605 | 668,9 | 47,49 | 90,45 |
| Persoas analfabetas e con estudos primarios | 82,9 | 39,2 | 43,7 | 47,29 | 89,7 |
| Educación secundaria. Primeira etapa | 447,7 | 182,9 | 264,8 | 40,85 | 69,07 |
| Educación secundaria. Segunda etapa | 269,3 | 126,6 | 142,8 | 47,01 | 88,66 |
| Educación superior | 474 | 256,3 | 217,7 | 54,07 | 117,73 |
| Poboación ocupada | 998 | 473,7 | 524,3 | 47,46 | 90,35 |
| Persoas analfabetas e con estudos primarios | 58,4 | 28,9 | 29,6 | 49,49 | 97,64 |
| Educación secundaria. Primeira etapa | 324,9 | 134,2 | 190,7 | 41,31 | 70,37 |
| Educación secundaria. Segunda etapa | 211,5 | 97,3 | 114,2 | 46 | 85,2 |
| Educación superior | 403,2 | 213,3 | 189,9 | 52,9 | 112,32 |

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

No caso da poboación parada, as mulleres coa segunda etapa de educación secundaria e aquelas con título superior representan un 50,52% e un 60,73% respectivamente.

En Galicia o 40,4% das mulleres entre 25 e 64 anos teñen un título de educación superior, 10 puntos máis que os homes da mesma idade.

Máis do 60% da poboación parada cun título superior son mulleres.

2. ÁREAS DE TRABALLO:

2.1. EMPREGO: EMPRENDEMENTO, AUTOEMPREGO E EMPREGO POR CONTA ALLEA

A presenza da muller no mercado de traballo é unha realidade pero se analizamos a súa participación, a muller segue a ocupar profesións consideradas tradicionalmente femininas. En Galicia, as mulleres ocupadas no sector servizos representan un 84,5% do total das mulleres ocupadas. Este dato é moi superior ao da poboación masculina, na que os homes ocupados no sector servizos representan un 60% do total dos homes ocupados. Pola contra, os homes están moito máis representados en actividades industriais e da construción, sectores que sufriron en maior medida as consecuencias da crise.

Persoas ocupadas por sector económico e sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas

| | Totais | Agricultura e pesca | Industria | Construción | Servizos |
|----------|--------|---------------------|-----------|-------------|----------|
| Totais | 998 | 66,1 | 154 | 67,1 | 710,7 |
| Mulleres | 473,7 | 25,2 | 44 | 4,4 | 400 |
| Homes | 524,3 | 40,9 | 110 | 62,7 | 310,7 |

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

A maior representatividade das mulleres atopámola en ramas de actividade vinculadas ao comercio cun 17,6%, área sanitaria e de servizos sociais cun 13,5% , educación con máis dun 10% e hostalería un 8,7%, segundo os datos da enquisa de poboación activa do ano 2014² (INE)

Outras actividades nas que a presenza das mulleres é cada vez maior e en valores absolutos tamén supera aos homes é nas actividades financeiras e de seguros (11.200 mulleres fronte a 8.200 homes) e nas actividades inmobiliarias, administrativas e de servizos auxiliares (27.300 mulleres fronte a 18.700 homes).


O 84,5% das mulleres ocupadas traballan no sector servizos.

² Anexo:Táboa 1. Persoas ocupadas por sexo e rama de actividade. Comparativa anos 2013-2014

En relación ao réxime de afiliación á Seguridade social, no réxime especial agrario e do mar, tres de cada catro persoas son homes. A muller representa o 98% das persoas no réxime especial de emprego do fogar. No réxime especial de autónomos o 58% son homes.

Afiliacións á Seguridade Social segundo réxime e sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas



Fonte: IGE. Información subministrada directamente polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
Ano 2014

En Galicia, o número de mulleres autónomas é elevado, 61.953 mulleres que representa un 42% do total de persoas autónomas en Galicia, 10 puntos porcentuais superior á media estatal que se sitúa nun 34,5% .

As mulleres representan o 42% das persoas que traballan por conta propia en Galicia.

A pesar do maior nivel formativo das mulleres, as ocupacións cunha maior representatividade feminina son o sector comercio, hostalería e traballo doméstico. Nestes sectores desempeñan traballos temporais, en moitas ocasións a tempo parcial, nos que en termos xerais non se require unha alta cualificación.

Segundo a enquisa de poboación activa do ano 2014, o número de mulleres en ocupacións elementais duplácese con respecto ao número de homes.

Nese mesmo ano, as mulleres representan o 57,81% das persoas que ocupan postos técnicos, científicos ou intelectuais e o 68,04% das persoas que realizan labores contables o administrativas.

A menor representatividade das mulleres atópase en ocupacións militares (3 de cada 100) e artesáns ou persoas cualificadas do sector industrial (11 de cada 100).

Persoas ocupadas por ocupación e sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas

| | Totais | Mulleres | Homes | % Mulleres |
|--|------------|--------------|--------------|--------------|
| Totais Galicia | 998 | 473,7 | 524,3 | 47,46 |
| 1 Dirección e xerencia | 36,2 | 11,9 | 24,4 | 32,87 |
| 2 Persoal técnico, profesionais científicos, intelectuais | 169 | 97,7 | 71,4 | 57,81 |
| 3 Persoal técnico; profesionais de apoio | 93,2 | 34,7 | 58,5 | 37,23 |
| 4 Persoas Contables, administrativos/as e outras persoas empregadas en oficina | 82,3 | 56 | 26,3 | 68,04 |
| 5 Persoas traballadoras dos servizos de restauración, persoais, protección e vendas | 229,6 | 150,6 | 79 | 65,59 |
| 6 Persoas cualificadas no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro | 54,7 | 22,4 | 32,3 | 40,95 |
| 7 Persoas artesáns e persoas cualificadas das industrias manufactureira e construción | 136,9 | 15,2 | 121,6 | 11,10 |
| 8 Operarios/as de instalacións maquinaria e persoal montador | 82,2 | 15 | 67,3 | 18,25 |
| 9 Ocupacións elementais * | 107,4 | 70,1 | 37,4 | 65,2 |
| 0 Ocupacións militares | 6,4 | 0,2 | 6,2 | 3,1 |

Fonte: INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

*Segundo o INE, son ocupacións elementais as vinculadas a traballo doméstico e de limpeza, axuda de cociña, reparto, ordenanzas e peóns sen cualificación (Consultada o CNO-11)

A presenza das mulleres en postos de dirección e xerencia non acada o 33% do total de poboación ocupada nesta categoría


En Galicia, unha de cada tres persoas en postos directivos son mulleres.

As mulleres representan máis do 55% das persoas asalariadas do sector público. Pola contra 285.900 mulleres traballan no sector privado, representando o 48% do total de persoas que traballan neste sector.

As mulleres ocupadas en Galicia son principalmente asalariadas. Un 60% traballan no sector privado e máis do 21% no sector público.

Persoas ocupadas por situación profesional e sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas



Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

As empresarias galegas representan o 17,2% das mulleres ocupadas na nosa comunidade. Unha de cada catro empresarias teñen persoal asalariado no seu negocio. Os empresarios representan preto do 25% do total de homes ocupados en Galicia, dos cales un 34% conta con persoas asalariadas ao seu cargo.

Persoas asalariadas por sexo e tipo de contrato ou relación laboral. Comparativa 2013-2014

Unidades: miles de persoas

| | Total | | | Mulleres | | | Homes | | |
|------|-------|------------------------|----------|----------|------------------------|----------|-------|------------------------|----------|
| | Total | De duración indefinida | Temporal | Total | De duración indefinida | Temporal | Total | De duración indefinida | Temporal |
| 2013 | 775 | 598,6 | 176,7 | 382,7 | 290,5 | 92,3 | 392,6 | 308,1 | 84,4 |
| 2014 | 780 | 596,6 | 182,9 | 387,9 | 295,9 | 92,1 | 391,6 | 300,8 | 90,8 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

No ano 2014 incrementáronse as mulleres con contrato indefinido supoñendo un 76,3% do total de mulleres con contrato, fronte ao 75,9% do ano anterior. No caso dos homes produciuse a situación inversa cun 78,4% de indefinidos do total de asalariados no ano 2013 diminuíndo a 76,8% no ano 2014.

No ano 2014 aumentou o número de mulleres con contrato indefinido, representando o 76,3 % das mulleres asalariadas.

En termos porcentuais as mulleres teñen un maior porcentaxe de contratos ou relacións laborais inferiores aos 6 anos que os homes

Se relacionamos as persoas asalariadas coa súa antigüidade na empresa, no ano 2014 máis dun 59% das persoas asalariadas levan 6 ou máis anos na empresa, cifra que se incrementou con respecto ao ano anterior (56,6%). En termos de comparativa anual, tamén se incrementou a porcentaxe de persoas asalariadas que levan menos de 3 meses na empresa, pasando dun 4,6% a un 5,4%.

Se comparamos os datos en termos de sexo, é maior o número de mulleres que levan menos de 6 anos na empresa que de homes nestas mesmas condicións a pesar de que no caso dos homes, no ano 2014 reduciuse o número de traballadores con máis de 6 anos na empresa con respecto ás cifras do ano anterior.

**Porcentaxe de persoas asalariadas por sexo e tipo de contrato ou relación laboral.
Comparativa ano 2013-2014**

| | Ano 2013 | | Ano 2014 | |
|-----------------------------|----------|-------|----------|-------|
| | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes |
| Menos de 3 meses | 4,6% | 4,7% | 5,4% | 5,3% |
| De 3 a 5 meses | 3,7% | 3,3% | 3,6% | 3,9% |
| De 6 a 11 meses | 5,3% | 4,2% | 5,3% | 5,3% |
| De 1 ano a menos de 2 anos | 7,8% | 6,1% | 7,0% | 6,5% |
| De 2 anos a menos de 3 anos | 5,6% | 4,4% | 5,4% | 3,6% |
| De 3 anos a menos de 6 anos | 16,3% | 13,6% | 14,1% | 12,3% |
| 6 anos ou máis | 56,7% | 63,7% | 59,4% | 63,0% |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE- INE. Enquisa de poboación activa

A contratación no ano 2014 foi superior á do ano 2013 tanto para mulleres coma homes. Non obstante, esta evolución positiva, en termos xerais, non se corresponde coa representatividade de cada un dos sexos, xa que no ano 2013 o 47,3% dos contratos foron asinados por mulleres pero no ano 2014 esta representatividade baixou ao 46,9%.

Contratos rexistrados segundo sexo. Comparativa ano 2013-2014

| Contratos rexistrados | Total | Mulleres | Homes |
|-----------------------|---------|----------|---------|
| Ano 2013 | 706.778 | 334.166 | 372.612 |
| Ano 2014 | 786.193 | 368.872 | 417.321 |


Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

Segundo a modalidade de contrato, o 70% dos contratos de interinidade do ano 2014 foron asinados por mulleres e un 52% das contratacións en prácticas foron dirixidas a mulleres.

Dos 368.872 contratos asinados por mulleres, máis dun 43% están relacionados con circunstancias da produción, un 30% foron por obra e servizo e un 15% de interinidade.

No ano 2014, o 70% dos contratos de interinidade foron asinados por mulleres.

Contratos rexistrados segundo sexo e modalidade do contrato. Ano 2014



Fonte: INE. Enquisa de poboación activa.

A contratación indefinida ordinaria e de fomento do emprego representa un 5% do total de contratacións das mulleres, superando o dato do ano 2013, que representaba o 4,5% do total das contratacións femininas. As conversións en contratación indefinida no ano 2014 representan un 2,9%, dato moi similar ao do ano 2013.

A xornada laboral de mulleres e homes é maioritariamente a tempo completo, un 77% do total de mulleres ocupadas traballan a tempo completo fronte ao 94% do total dos homes.

En relación ao total de persoas con xornada completa ou parcial, as mulleres representan o 42% do total de persoas que traballan a tempo completo e o 75% das persoas traballadoras a tempo parcial.

Persoas ocupadas por tipo de xornada e sexo. Comparativa anos 2013-2014

Unidades: miles de persoas

| | Total | | | Mulleres | | | Homes | | |
|------|--------|----------|---------|----------|----------|---------|-------|----------|---------|
| | Total | Completa | Parcial | Total | Completa | Parcial | Total | Completa | Parcial |
| 2013 | 1006,4 | 861,2 | 145,2 | 475,8 | 365,8 | 110 | 530,6 | 495,4 | 35,2 |
| 2014 | 998 | 855,8 | 142,2 | 473,7 | 366,7 | 107 | 524,3 | 489,1 | 35,2 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa.

Tres de cada catro persoas traballadoras a tempo parcial son mulleres.

As mulleres asalariadas no sector privado son as que representan unha maior porcentaxe de traballo a tempo parcial, supoñendo o 79% do total das persoas traballadoras a tempo parcial. Pola contra as mulleres empresarias sen persoal asalariado representan un 58% do total do empresariado sen persoal asalariado que traballa a tempo parcial.

No caso das persoas traballadoras a tempo parcial, as mulleres asalariadas traballan menos que a media das europeas, con 1,3 horas menos. Pola contra, as empresarias a tempo parcial traballan practicamente o mesmo tempo que as europeas sendo os empresarios a tempo parcial os que manteñen unha maior distancia cós europeos.

O principal motivo das mulleres para traballar a tempo parcial é non atopar un traballo a tempo completo (65,5%). A segunda motivación asóciase ao coidado de familiares, persoas en idade infantil ou adulta e outras obrigas familiares ou persoais (16,2%). No caso dos homes, a principal motivación, no mesmo senso que as mulleres, é non atopar un traballo a tempo completo pola contra, establécese como segunda motivación para o traballo a tempo parcial, a realización de cursos de formación (9,4%).

3 de cada 100 homes optan por unha xornada parcial fronte unha a tempo completo para o coidado de familiares.

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial e sexo. Ano 2014

Unidades: miles de persoas

| | Total | Mulleres | Homes |
|---|-------|----------|-------|
| Total | 142,2 | 107 | 35,2 |
| Seguir cursos de ensinanza ou formación | 5,9 | 2,6 | 3,3 |
| Enfermidade ou incapacidade propia | 1,6 | 1 | 0,7 |
| Coidado de nenos/as ou de adultos enfermos, incapacitados/as ou maiores | 11,4 | 10,9 | 0,4 |
| Outras obrigacións familiares ou persoais | 7,1 | 6,4 | 0,7 |
| Non poder atopar un traballo de xornada completa | 94 | 70,2 | 23,8 |
| Non querer un traballo de xornada completa | 11,4 | 9,6 | 1,8 |
| Outras razóns | 10,5 | 6,2 | 4,3 |
| Non sabe o motivo | 0,3 | 0,2 | 0,1 |

Fonte: IGE- INE. Enquisa de poboación activa

A fenda salarial segue a ser unha importante traba para acadar a igualdade laboral entre mulleres e homes. A igualdade retributiva para traballos de igual valor ou equivalente é unha dificultade común en toda a Unión Europea.

A pesar dos múltiples factores que condicionan esta fenda salarial tales como a xornada laboral, a ocupación, a rama de actividade económica, o nivel educativo, a idade, a antigüidade, o tipo de contrato, o tamaño da empresa e sector, todos eles están correlacionados de xeito que o indicador máis comunmente empregado na Unión Europea para a súa definición sexa a diferenza entre os ingresos brutos medios por hora dos homes ocupados e os das mulleres ocupadas, como porcentaxe respecto aos ingresos brutos medios por hora dos homes.

En Galicia, a fenda salarial de xénero é dun 22,4% inferior ao 22,7% a nivel estatal.

En termos anuais o salarios das mulleres en Galicia no ano 2013 representa un 77,6% do salario dos homes. É dicir, as mulleres cobraron un 22,4% menos que os homes. Se facemos a comparativa a nivel estatal, a fenda salarial é do 22,7%, 6,3 puntos porcentuais por riba da fenda salarial media na Unión europea (16,4%).

Comparativa do salario medio en termos anuais. Ano 2013

| 2013 | Ambos sexos | Mulleres | Homes |
|---------|-------------|----------|--------|
| España | 18.505 | 15.956 | 20.647 |
| Galicia | 17.770 | 15.383 | 19.820 |

Fonte: Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias- Agencia Tributaria ano 2013

As explicacións máis aceptadas para clarificar a fenda salarial de xénero fan referencia a factores socioculturais máis que a factores de capital humano e produtividade, é dicir, as diferenzas salariais e a súa persistencia non están vinculadas á menor cualificación ou experiencia laboral das mulleres senón a unha posición de partida no mercado de traballo de desvantaxe como resultados de procesos culturais e de socialización.

A existencia de roles e estereotipos de xénero derivan na segregación ocupacional e sectorial das mulleres en ramas de actividade como o comercio ou a restauración con remuneracións medias máis baixas que os sectores industriais, onde prevalece a participación masculina. Do mesmo xeito, o rol de coidado da contorna familiar condiciona a preferencia de xornadas laborais reducidas e postos de menor responsabilidade, ocupando postos nos que existe un importante desaxuste co nivel educativo das mulleres.

Cando se analizan as diferenzas por sectores de actividade, a pesar de que os datos se atopan en termos anuais e non por hora as diferenzas son notables:

Ganancia media anual por persoa asalariada e sector. Ano 2013

| | Ambos sexos | Mulleres | Homes | Fenda |
|---|---------------|---------------|---------------|---------------|
| Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca | 13.163 | 9.641 | 13.962 | 30,95% |
| Industria extractiva, enerxía e auga | 25.160 | 20.341 | 26131 | 22,16% |
| Industria | 19.775 | 15.154 | 21.880 | 30,74% |
| Construción e activ. inmobiliarias | 15.963 | 15.510 | 16.036 | 3,28% |
| Comercio, reparacións e transporte | 16.106 | 13.117 | 18.465 | 28,96% |
| Información e comunicacións | 21.499 | 17.782 | 23.844 | 25,42% |
| Entid. financeiras e aseguradoras | 28.399 | 23.467 | 32.476 | 27,74% |
| Servizos ás empresas | 14.119 | 11.550 | 17.331 | 33,36% |
| Servizos sociais | 22.867 | 21.116 | 25.552 | 17,36% |
| Outros servizos persoais e de ocio | 8.289 | 7.391 | 9.729 | 24,03% |
| Todos os sectores de actividade | 17.770 | 15.383 | 19.820 | 22,39% |

Fonte: Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias- Agencia Tributaria

A fenda salarial é maior no sector servizos ás empresas (33,36%) e noutros sectores como o da industria e da agricultura nos que tamén ronda o 30% . As menores diferenzas salariais prodúcense no sector da construción (3,28%) .

A idade tamén é unha condición importante na análise da fenda salarial, observándose que a maior fenda salarial prodúcese no tramo de idade entre os 18 e os 25 anos e os 46 e 55 anos.

O dato máis positivo é o 16,86% de diferenza que existe entre as mulleres e homes cunha idade comprendida entre os 26 e os 35 anos.

Comparativa da ganancia media anual por persoa asalariada, sexo e grupo de idade. Ano 2013

| | Ambos sexos | Mulleres | Homes | Fenda |
|-----------------|-------------|-----------|-----------|--------|
| Todas as idades | 17.770 | 15.383 | 19.820 | 22,39% |
| De 18 a 25 anos | 6.394,00 | 5.450,00 | 7.280,00 | 25,14% |
| De 26 a 35 anos | 13.914,00 | 12.607,00 | 15.164,00 | 16,86% |
| De 36 a 45 anos | 18.623,00 | 16.291,00 | 20.673,00 | 21,20% |
| De 46 a 55 anos | 21.908,00 | 18.985,00 | 24.316,00 | 21,92% |
| De 56 a 64 anos | 23.464,00 | 20.303,00 | 25.575,00 | 20,61% |

Fonte: Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias- Agencia Tributaria

Ganancia media anual por persoa asalariada e tipo de contrato. Galicia. Ano 2010

| | Ambos sexos | Mulleres | Homes | Fenda |
|----------------------|-------------|-----------|-----------|--------|
| Total | 19.389,20 | 16.727,15 | 22.059,69 | 24,17% |
| Duración indefinida | 20.619,85 | 17.606,01 | 23.600,13 | 25,40% |
| Duración determinada | 14.985,56 | 13.683,00 | 16.361,20 | 16,37% |

Fonte: INE. Enquisa de estrutura salarial, ano 2012

As diferenzas en canto ao tipo de contrato son claramente maiores nos contratos de duración indefinida, incrementándose incluso por riba da fenda salarial media.

O impacto da fenda salarial é unha realidade na que se debe seguir traballando, sendo unha das ferramentas máis importantes a negociación colectiva, xa que moitas veces as diferenzas recaen na configuración do sistema de clasificación profesional no que as mulleres e os homes non presentan a mesma categoría a pesar de realizar postos similares.

Ademais cómpre destacar o consenso en que as diferenzas salariais están asociadas aos complementos salariais, fixados a maioría deles nos convenios colectivos. Un dos exemplos máis claros é o complemento de antigüidade no que, dado que a muller está máis afectada pola temporalidade, e a súa incorporación ao traballo foi máis tardía, este criterio é prexudicial para as mulleres.

Fenda salarial por compoñentes do salario bruto mensual . Ano 2010


| | Salario base | Complementos salariais |
|-----------------|--------------|------------------------|
| Total | 1.075,79 | 400,02 |
| Mulleres | 967,75 | 331,17 |
| Homes | 1.176,77 | 464,38 |

Fonte: INE. Enquisa de estrutura salarial, ano 2012

TEA (Taxa de actividade emprendedora) feminina en Galicia= **3,68%**

A Taxa de actividade emprendedora feminina refírese á porcentaxe de mulleres entre 18 e 64 anos de idade que comezaron unha actividade empresarial nos últimos 42 meses, definición do GEM Galicia 2014.

Evolución do TEA en función do sexo



Fonte: GEM Galicia. Ano 2014

No ano 2013, a taxa de emprendemento feminino acadou o valor máis baixo dende o ano 2010. Os datos do ano 2014 falan dunha subida de 0,26 puntos porcentuais. Este incremento da actividade emprendedora tamén se reflicte na porcentaxe de mulleres con interese por emprender situándose nun 5,86% do total das mulleres, dato superior ao dos homes (5,20%).

Actividade emprendedora e dinámica empresarial en función do sexo (% 2014)

| | Galicia | | |
|--|---------|------|-------|
| | Muller | Home | Total |
| Emprendedoras potenciais | 5,86 | 5,20 | 5,53 |
| Iniciativas nacentes | 1,92 | 2,38 | 2,15 |
| Iniciativas novas | 1,76 | 1,80 | 1,78 |
| Actividade emprendedora incipiente ou TEA 2014 | 3,68 | 4,17 | 3,92 |
| Iniciativas consolidadas | 8,19 | 8,75 | 8,47 |
| Cese efectivo de iniciativas | 1,81 | 1,88 | 1,85 |

Fonte: GEM Galicia 2014

No 2014 a actividade emprendedora feminina descende en varias comunidades autónomas. O caso de Galicia é o contrario xa que ocupa o noveno lugar das comunidades autónomas, cunha evolución positiva deste indicador, cun aumento da taxa de 0,41 fronte ao 0,26 de media.

Tamén se reduce o diferencial entre o TEA feminino e o masculino que é dun 0,5%, valor inferior ao diferencial medio en España (1,79%).

En relación ao perfil socioeconómico das emprendedoras, o 71,34% das emprendedoras de Galicia ten entre 25 e 44 anos, baixando a idade media con respecto ao ano anterior.

As emprendedoras en Galicia teñen un nivel educativo superior aos homes cun 28,63% de emprendedoras que posúen estudos universitarios fronte ao 21,27% dos homes.

Máis dun 28% das emprendedoras contan con estudos universitarios fronte ao 21% dos homes.

Con respecto ao ano 2013 reduciuse en Galicia a porcentaxe de mulleres con formación específica para o emprendemento, pasando do 56,93% do 2013 ao 31,64% do 2014, máis de 20 puntos por debaixo da porcentaxe de homes con formación empresarial.

Cómpre sinalar que o 80,24% das emprendedoras en Galicia residen nunha contorna urbana, sendo unha porcentaxe inferior á do 2013 que se situaba no 82,77%.

En Galicia, menos dun 20% das emprendedoras residen nunha contorna rural.

En relación á situación laboral de partida, o 80% das emprendedoras en Galicia atópanse nunha situación de emprego activo, e un 97% manifestan dedicarse a tempo completo ao seu negocio.

A maioría das iniciativas promovidas por mulleres atópanse no sector de servizos de consumo (50,33%), sendo unha porcentaxe superior en 3 puntos á dos homes en Galicia.

A pesar de que a porcentaxe de emprendedoras propietarias únicas do seu negocio é dun 61,59%, superando claramente á porcentaxe dos homes en Galicia (56,53%), observouse un

aumento significativo con respecto ao ano 2013 do número de iniciativas promovidas por mulleres que contan con persoas empregadas situándose no 45,44% no ano 2014.

Case unha de cada catro das iniciativas promovidas por mulleres en Galicia considéranse total ou parcialmente innovadoras, situándose moi próxima ás cifras da poboación masculina (25,6%).

Nas táboas 8, 9, 10, 11 e 12 do Anexo recóllense táboas con información ao detalle do informe GEM Galicia 2014 e a clasificación das empresas en Galicia e España por sector, tipo de empresa e sede social.

2.2. CONCILIACIÓN E USOS DO TEMPO.

As mulleres están vinculadas culturalmente ao traballo reprodutivo e de coidado no fogar, sendo a familia a súa contorna de traballo. No momento en que a muller se incorpora ao mercado laboral cambia o sistema familiar e as responsabilidades das persoas que o conforman.

A complexidade do cambio social e cultural ás veces entra en contraposición con principios e actitudes concretas no ámbito privado baseados nos tradicionais roles de xénero moi asentados na nosa sociedade. A reorganización dos tempos sociais e a súa adaptación ás necesidades familiares e persoais son unha das principais ferramentas para acadar a igualdade entre mulleres e homes, pero en moitas ocasións as responsabilidades de carácter doméstico recaen na muller, orixinando unha dobre xornada: fóra e dentro do fogar.

No ano 2014 a estrutura familiar maioritaria en Galicia é a parella, con fillos/as (37,7% do total) ou sen fillos/as (19,1%) constituíndo os fogares monoparentais un 9% do total. Tamén temos que ter en conta que cada vez é maior o número de familias unipersoais (19,7%) superando xa ao de parellas sen fillos/as.

Entre outros motivos derivados da coxuntura laboral, o incremento do período formativo fai que a media de idade do primeiro traballo das mulleres pase dos 25 aos 29 anos.

Nos mesmos termos, en Galicia, a idade media da muller en relación ao nacemento do seu primeiro fillo/a pasou dos 28 anos en 1975 a case os 32 no ano 2011.

Neste eido, as prestacións por maternidade en Galicia distribúense maioritariamente entre as mulleres sendo un 2,2 % dos pais perceptores das prestacións (un 0,3 % máis que no resto do Estado).

Prestacións por maternidade segundo o sexo do perceptor. Ano 2013-2014

| | 2013 | | | | 2014 | | | |
|-------------------|-------------------|------------------------------|----------------------|------------------------------|-------------------|------------------------------|----------------------|------------------------------|
| | Total Maternidade | Procesos percibidos pola nai | % percibido pola nai | Procesos percibidos polo pai | Total Maternidade | Procesos percibidos pola nai | % percibido pola nai | Procesos percibidos polo pai |
| Total INSS | 288.842 | 283.923 | 98,30% | 4.919 | 281.151 | 276.239 | 98,25% | 4.912 |
| Galicia | 14.883 | 14.554 | 97,79% | 329 | 14.279 | 13.974 | 97,86% | 305 |

Fonte: Ministerio de empleo y seguridad social. Anuario de Estadísticas.

En Galicia, no ano 2014 o 97,86% das prestacións por maternidade eran percibidas polas nais.

En relación ás prestacións de paternidade, no ano 2014 reducíronse o número de procesos tanto en Galicia como no resto de España.

Prestacións por paternidade. Ano 2013-2014

| Número de procesos | | |
|--------------------|---------|---------|
| | 2013 | 2014 |
| Total INSS | 237.988 | 235.678 |
| Galicia | 11.360 | 11.156 |

Fonte: Ministerio de empleo y seguridad social. Anuario de Estadísticas

Outra das variables que máis condiciona a vida familiar e laboral é o emprego do tempo. A enquisa de usos do tempo elaborada polo INE mostra un cambio nas esferas da vida social e individual da poboación. Na “Enquisa 2002-2003”, os homes destinaban unha media de 2:30 horas ao fogar e á familia, fronte ás 4:51 horas das mulleres. Na “Enquisa 2009-2010”, produciuse un pequeno reaxuste no que os homes incrementaron en 10 minutos o tempo medio no fogar e as mulleres reducírono en 20 minutos. A pesar desta evolución, as mulleres dedican 1:51 horas máis de media ao fogar e á familia.

As mulleres dedican 1:51 horas máis de media ao fogar e á familia que os homes.

Na comparativa coa situación en España, tanto os homes como as mulleres dedican menos tempo ao fogar e a familia, sendo a diferenza entre eles de 1:57 un pouco superior á media en Galicia (2:28 horas dos homes fronte a 4:25 das mulleres). Na evolución en España, dende os datos da primeira enquisa ata os máis recentes, as mulleres reduciron en 35 minutos o tempo destinado ao fogar e á familia.

Persoas que realizan a actividade ao día e promedio diario dedicado. 2009-2010

| | Ambos sexos | Mulleres | Homes |
|---|-------------|----------|-------|
| Coidados persoais | 11:47 | 11:42 | 11:53 |
| Traballo remunerado | 7:33 | 6:52 | 8:07 |
| Estudos | 5:06 | 4:40 | 5:34 |
| Fogar e familia | 3:46 | 4:31 | 2:40 |
| Traballo voluntario e reunións | 1:38 | 1:29 | 1:56 |
| Vida social e diversión | 1:45 | 1:40 | 1:50 |
| Deportes e actividade ao aire libre | 1:47 | 1:35 | 1:59 |
| Afeccións e informática | 1:57 | 1:47 | 2:04 |
| Medios de comunicación | 2:33 | 2:27 | 2:39 |
| Traxectos e emprego de tempo non especificado | 1:28 | 1:28 | 1:28 |

Fonte: INE, enquisa de usos do tempo período 2009-2010

Segundo esta mesma enquisa, no caso das persoas traballadoras e paradas existe un incremento da realización dos labores do fogar, pero no caso do estudiantado, considerado como a poboación de menor idade, reduciron o seu compromiso coas actividades domésticas se comparamos os datos das dúas enquisas, 2002-2003 e 2009-2010. As mulleres estudantes mantiveron a súa pauta de actividade no fogar.

A falla de corresponsabilidade nos fogares fai que a conciliación da vida persoal, laboral e familiar sexa máis complexa para as mulleres o que ten como consecuencia a acumulación de responsabilidades e o deterioro da súa calidade de vida.

Un elevado número de mulleres dedícanse á realización das tarefas domésticas en exclusiva (185.100 mulleres inactivas), sen recoñecemento social do seu labor e sen remuneración. Segundo a EPA, o volume de traballo non remunerado é o dobre do remunerado en termos de emprego de tempo.

O emprego de excedencias para o coidado da familia é case exclusivo das mulleres, sendo no caso do coidado de familiares dun 82% e no caso do coidado de fillos/as de máis do 94%.

No ano 2013 máis de 500 mulleres en Galicia empregaron unha excedencia para o coidado de fillos/as.

Excedencias por coidado de familiares e coidado de fillos/as. Ano 2013

| Excedencia por coidado de familiares | |
|--------------------------------------|-------|
| Mulleres % | 82,03 |
| Total | 128 |
| Mulleres | 105 |
| Homes | 23 |
| Excedencia por coidado de fillos/as | |
| % Nais | 94,23 |
| Ambos proxenitores | 537 |
| Nais | 506 |
| Pais | 31 |

Fonte: Instituto de la Mujer. Estadísticas de Conciliación da vida familiar e laboral

No ano 2012, 22.262 mulleres optaron pola redución da xornada para atender a nenos/as menores de 12 anos.

A redución da xornada laboral é unha vía menos custosa, en termos laborais, que a excedencia, permitindo manter un vínculo co emprego. A esta medida acolléronse 30.132 persoas no ano 2012 en Galicia, o 74% das persoas solicitantes foron mulleres.

Persoas traballadoras con nenos/as de 0 a 12 anos con redución de xornada de traballo para atender aos nenos/as por sexo. Ano 2012

| | Total | Mulleres | Homes |
|--------|--------|----------|-------|
| Número | 30.132 | 22.262 | 7.870 |

Fonte: IGE. Estadísticas de Conciliación da vida familiar e laboral

Na enquisa de poboación activa tamén se recolle o número de persoas que empregan servizos de coidado de fillos/as en Galicia. Do total de poboación con fillos/as propios ou da parella que viven no fogar, 428.710 persoas, só un 16% do total opta por servizos externos para o coidado dos seus fillos/as. Destas 72.100 persoas, un 89% son persoas ocupadas, un 7% paradas e un 4% inactivas. O número de mulleres que opta por esta solución é practicamente igual ao de homes coa excepción das persoas inactivas, nas que o 77% optan por servizos de coidado dos fillos/as son mulleres. 4

Persoas que empregan ou non servizos de coidado para atender ao seu fillo/a máis pequeno/a ou á do seu cónxuxe durante a súa xornada diaria, por sexo e relación coa actividade. Ano 2010.

Unidades: miles de persoas

| | Total | Mulleres | % Mulleres | Homes | % Homes |
|---------------------------|-------|----------|------------|-------|---------|
| Total | 72,1 | 38,4 | 53,3% | 33,71 | 46,8% |
| Poboación ocupada | 64,21 | 33,51 | 52,2% | 30,7 | 47,8% |
| Poboación parada | 5,06 | 2,7 | 53,4% | 2,35 | 46,4% |
| Poboación inactiva | 2,84 | 2,19 | 77,1% | 0,65 | 22,9% |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, ano 2010

A necesidade de coidado dos/as máis pequenos/as fai que nais e pais opten por non traballar ou desenvolver traballos a tempo parcial que lles permitan coidar dos seus/súas fillos/as. Esta alternativa é empregada por 35.050 persoas en Galicia, das que un 96% son mulleres. En termos xerais, a principal motivación é o custe dos servizos de coidado ao nenos/as (un 56,6% da poboación). Outra causa principal é a falla de servizos de coidado (24%). No caso da poboación activa, máis do 61% das persoas consideran que os servizos son moi caros.

As mulleres representan o 96% das persoas que non traballan ou teñen empregos a tempo parcial para poder coidar aos/as fillos/as.

Persoas entre 16 e 64 anos que teñen emprego a tempo parcial ou que non traballan e que se fan cargo do coidado de nenos/as, segundo a principal razón para non traballar ou traballar a tempo parcial, por sexo e relación coa actividade. Ano 2010.

Unidades: miles de persoas

| | Total | Mulleres | %Mulleres | Homes | % Homes |
|--|-------|----------|-----------|-------|---------|
| Total | 35,05 | 33,76 | 96,3% | 1,29 | 3,7% |
| Falla de servizos de coidado aos nenos/as | 8,44 | 8,44 | 100,0% | – | – |
| Os servizos de coidado dos nenos/as son demasiado caros | 19,85 | 18,94 | 95,4% | 0,91 | 4,6% |
| Os servizos dispoñibles de coidado dos nenos/as non teñen a suficiente calidade | 1,42 | 1,42 | 100,0% | – | – |
| Outras razóns distintas das anteriores | 5,34 | 4,97 | 93,1% | 0,38 | 7,1% |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, ano 2010

As persoas en idade laboral, ademais do coidado dos/das fillos/as, tamén están condicionadas por outras situacións nas que é preciso o coidado de persoas dependentes. Neste ámbito un 10,7% da poboación en Galicia faise cargo regularmente dunha persoa dependente, sendo as coidadoras principalmente mulleres (65%). No caso da poboación parada, o reparto entre sexos do coidado de persoas dependentes é equitativo, mentres que no caso da poboación inactiva 3 de cada 4 persoas coidadoras son mulleres.

Persoas entre 16 e 64 anos segundo se fagan ou non cargo regularmente do coidado de persoas dependentes, por sexo e relación coa actividade. Ano 2010.

Unidades: miles de persoas

Considéranse familiares ou amigos de idade superior ou igual a 15 anos que estean necesitados de coidado

| | Poboación Total | Poboación que cuida persoas dependentes | % sobre o total | Mulleres que cuidan persoas dependentes | % sobre o total | Homes que cuidan persoas dependentes | % sobre o total |
|---------------------------|-----------------|---|-----------------|---|-----------------|--------------------------------------|-----------------|
| Total | 1790,33 | 192,31 | 10,7% | 125 | 65,0% | 67,31 | 35,0% |
| Poboación ocupada | 1087,76 | 109,36 | 10,1% | 65,38 | 59,8% | 43,98 | 40,2% |
| Poboación parada | 200,11 | 19,98 | 10,0% | 10,02 | 50,2% | 9,96 | 49,8% |
| Poboación inactiva | 502,46 | 62,96 | 12,5% | 49,6 | 78,8% | 13,37 | 21,2% |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, ano 2010

No eido familiar, as mulleres representan o 59,8% da poboación ocupada que cuida de persoas dependentes.

A necesidade de compatibilizar a vida persoal, familiar e laboral fai que o establecemento de sistemas de flexibilidade laboral sexan unha nova ferramenta que poida facilitar a mulleres e homes un maior equilibrio entre o tempo dedicado ao traballo, a familia e o ocio.

Das persoas asalariadas en Galicia, un 42,7% teñen flexibilidade á hora de organizar o seu tempo de traballo e podan coller días libres por razóns familiares (364.740 persoas). Tendo en conta a desagregación por sexo, o 43,4% das mulleres teñen esa posibilidade mentres que para os homes é un punto porcentual menos.

A nivel español, segundo os datos do INE, máis do 48% das empresas con máis de 50 traballadores/as incorporaron ferramentas de flexibilización horaria, acadando no sector servizos ata o 53,8%.

Nos últimos anos existe un aposta polo teletraballo, do ano 2012 ao 2013 incrementouse nun 5% o número de empresas que contan con esta alternativa, situándose a cifra actual nun 27% das empresas españolas que contan con teletraballo, cifra moi por debaixo da que rexistra a Unión Europea cun 35%.³

Na administración autonómica, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma administrativa, a porcentaxe de mulleres e homes que se acolleron a medidas de conciliación como a flexibilidade laboral e o teletraballo dende o 2 de xaneiro do 2014 ata o 31 de xaneiro de 2015 é a seguinte:

| | MULLERES | HOMES |
|---------------------------------------|---------------|---------------|
| Flexibilidade automática | 63,80% | 36,20% |
| Flexibilidade por conciliación | 72,66% | 27,34% |
| Teletraballo | 59,57% | 40,43% |

Fonte: Dirección Xeral de Avaliación e Reforma administrativa- Xunta de Galicia

³ Fonte: Online Business School (OBS), estudo "Tecnologías de la Información en la empresa 2013" que recopila os datos do INE, ONTSI e EUROSTAT sobre o nivel de implantación das TIC nas empresas españolas).

2.3. FENDA DIXITAL DE XÉNERO

O acceso á sociedade da información é fundamental na evolución económica e social dun país constitúe unha ferramenta imprescindible para atopar novas oportunidades de emprego.

En 2010 un 46,5% dos fogares de Galicia tiñan Internet. No ano 2014 esta porcentaxe aumentou ata o 69,1% e no caso dos concellos de 50.000 a 100.000, a superou o 80%, sendo Galicia a comunidade onde máis creceu a banda larga nos últimos catro anos, xa que o promedio nacional de crecemento 2011-2014 é do 16,9% e en Galicia para o mesmo período do 23,2%, segundo a taxa de incremento anual dos fogares con banda larga do INE.

En Galicia máis de 1.400.000 de fogares galegos teñen cobertura de redes de nova xeración que permiten velocidades de ata 200Mbps.

A fenda dixital existente entre as provincias do interior e as do eixo atlántico pasou de ser dun 20% no ano 2010 ao 1% na actualidade.

Segundo o “Diagnóstico sobre a Sociedade da Información nos fogares galegos” elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co IGE, a contratación de banda larga nos fogares está moi relacionada co tipo de hábitat. Os concellos de máis de 10.000 habitantes superan a media galega de conexión a Internet, acadando unha porcentaxe do 73,9% nos que contan con máis de 50.000 habitantes fronte ao 45,5% nos que teñen menos de 5.000 habitantes.

As áreas con maior presenza de banda larga son as áreas de Santiago (76,5%) e A Coruña (75,2%). As únicas tres áreas xeográficas con valores inferiores ao 50% son: O Carballiño-O Ribeiro (41,5%), Lugo Sur (43,2%) e Ourense Sur (46,5%).

A fenda dixital de xénero fai referencia ao acceso, frecuencia e emprego das novas tecnoloxías así como ás competencias dixitais das persoas.

O proceso de socialización da xuventude está moi vinculado ao emprego da tecnoloxía, polo que a fenda dixital entre os 16 e os 34 anos é practicamente inexistente e teñen unha maior facilidade de acceso tanto na escola coma nos lugares de ocio.

O emprego do ordenador e de Internet son as principais variables de análise. Segundo os datos da Enquisa das condicións de vida das familias (ECV) 2014 elaborado polo OSIMGA e o IGE, a diferenza de uso do ordenador entre mulleres e homes en Galicia é 4,2 puntos porcentuais inferior nas mulleres. Na comparativa con España o 71,3% das mulleres empregan


o ordenador fronte ao 64,8% en Galicia, pero a fenda entre mulleres e homes en España é de 4,1 puntos.

No ano 2014 o 64,8% das mulleres empregaran un ordenador nos últimos 3 meses.

A poboación que nunca empregou un ordenador ou Internet está relacionada directamente coa idade: a maior idade, menor acceso ás TIC. Tamén se vincula ao nivel de estudos: a menor nivel de estudos, menos oportunidades para contar cun ordenador e, polo tanto, empregar Internet.

As mulleres entre os 16 aos 34 anos superan aos homes no uso do ordenador. A partir dos 35 anos, a tendencia cambia, sendo os homes os que empregan o ordenador máis que as mulleres. No caso dos homes maiores de 65 anos, empregan máis o ordenador que as mulleres da mesma idade, cunha diferenza superior aos dez puntos porcentuais.

Uso de ordenador nos últimos tres meses por sexo e idade. Ano 2014.



Fonte: ECV 2014 (OSIMGA+IGE)

En relación ao emprego de Internet, un 67,4% das mulleres, fronte a un 71,2% dos homes, fixo uso de Internet nos últimos tres meses. A fenda é un pouco superior á media española con 3,8 puntos en Galicia fronte aos 3,4 puntos porcentuais en España.

A fenda dixital de xénero en Galicia en relación ao emprego de Internet é de 3,8 puntos.

No uso de Internet repítese a tendencia dun maior emprego por parte das mulleres dende os 16 ata os 34 anos que dos homes e, a partir dos 35 anos, os homes empregan Internet en maior medida que as mulleres.

Tanto a nivel Galicia como España, a fenda de xénero en termos xerais vaise reducindo. Por exemplo, no emprego do ordenador en Galicia reducíronse as diferenzas entre homes e mulleres sendo o ano 2013 onde se rexistraron uns datos máis positivos. No ano 2014 volveuse aos datos de 2012 cunha diferenza de 4,2 puntos porcentuais. En relación ao emprego de Internet, en Galicia no ano 2010 o dato era de 4,2 puntos porcentuais, reducíndose en 0,4 puntos segundo o último dato do 2014. En España, do ano 2010 ao 2014, reduciuse en 2,3 puntos porcentuais.

A situación laboral tamén limita o emprego das novas tecnoloxías. As persoas inactivas e en maior grao no caso das mulleres (pensionistas e/ou amas de casa) están fortemente asociadas a un menor acceso ás TIC.

O tamaño do fogar tamén ten unha correlación directa coa fenda dixital, canto maior sexa o fogar, menos evidente é a fenda dixital.

O emprego das TIC, en relación á frecuencia e variedade de uso, está relacionada coa capacidade e habilidades das persoas para o emprego dos ordenadores e Internet.


En relación á frecuencia de uso, as diferenzas entre homes e mulleres en tempo de uso de Internet menor a 10 horas, son practicamente nulas, ou incluso superior ao tempo de uso das mulleres. No emprego de 1-5 horas, as mulleres superan aos homes en 3 puntos porcentuais. A partir das 10 horas, a tendencia invértese.

As mulleres superan aos homes en 5,6 puntos no uso da redes sociais

No emprego de Internet, homes e mulleres conéctanse principalmente para enviar correos electrónicos. As diferenzas de uso por sexo baséanse en que os homes empregan máis os blogs e participan máis activamente en foros, mentres que as mulleres optan polas redes sociais, superando en 5,6 puntos aos homes.

As mulleres empregan a rede máis que os homes para buscar información sobre viaxes, emprego, temas de saúde, educación e formación, mentres que os homes fan un maior emprego da rede para as descargas de software, uso de xogos, lectura de periódicos, revistas on-line, ver a televisión ou escoitar a radio.

Emprego de Internet para a busca de información e servizos con fins persoais por sexo . Ano 2013.



Fonte: ECV 2013 (OSIMGA+IGE)

En relación ao comercio electrónico, o 24,1% das mulleres galegas adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet nos últimos tres meses, fronte a un 26,1% dos homes. A fenda

dixital de xénero neste indicador é superior a nivel estatal 3,3 puntos porcentuais de diferenza mentres que en Galicia é de 2 puntos porcentuais.

As mulleres usan en maior medida Internet para interactuar coas administracións públicas en calquera dos seguintes termos: para obter información de páxinas web, descargar formularios oficiais e enviar formularios cubertos, cunha diferenza de 4,5 puntos porcentuais superior en uso das mulleres que os homes. Nas xestións sanitarias por Internet, as mulleres tamén superan aos homes, neste caso en 12,9 puntos. Pola contra os homes empregan máis que as mulleres Internet para a declaración da renda.

Na área do emprendemento en Galicia, é importante destacar que segundo o GEM 2014, as empresarias reduciron o emprego das TIC na súa empresa, observándose que no ano 2014 só un 13,56% das iniciativas femininas empregan tecnoloxías novas ou recentes, 15 puntos por debaixo dos homes.

En Galicia, as empresarias sitúanse 15 puntos por debaixo dos empresarios no emprego de tecnoloxías novas ou recentes.


As competencias dixitais das persoas están moi vinculadas á formación, As mulleres galegas tamén avantaxan en máis de 4 puntos aos homes na asistencia a actividades formativas en novas tecnoloxías, cun 29,8%.

Un dos exemplos en Galicia é a Rede CeMIT, Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica, que ten como obxectivo vertebrar territorial e socialmente Galicia, en especial onde a fenda dixital é máis evidente, impulsando e difundindo coñecementos nas tecnoloxías da información e da comunicación. Conta con 98 aulas en todos os puntos da xeografía galega en colaboración con 92 concellos galegos para a impartición de charlas, accións formativas e outros proxectos que promoven a incorporación das TIC na vida cotiá das persoas residentes en Galicia.

No ano 2015 estaban de alta na Rede CeMIT 6.233 mulleres, sendo un 3,9% das usuarias mulleres con discapacidade.

A pesar da importancia que teñen as aulas CeMIT nos concellos pequenos, case o 90% das usuarias viven en poboacións de máis de 5.000 habitantes.


En relación aos coñecementos informáticos das mulleres usuarias das Aulas CeMIT, a maioría delas manifestan ter competencias informáticas, só unha de cada cinco afirma que non ten ningún coñecemento de ordenadores e/ou de internet.




Fonte: Amtega 2015

Un 73% das usuarias ten ordenador e un 69% conexión a Internet.

En relación aos estudos das mulleres participantes nas accións formativas das aulas CeMIT, o 31% son tituladas universitarias, un 26% posúe estudos medios, o 36% ten estudos primarios e só un 7% non ten estudos.



As mulleres que participan nas aulas CeMIT son principalmente desempregadas (40%) e un 29% son traballadoras en activo.



Fonte: Amtega 2015

Segundo os últimos datos facilitados pola AMTEGA, o emprego das TIC por parte das empresas, administracións públicas e a cidadanía non é aínda xeralizado.

En Galicia o 99% das empresas contan con ordenadores e conexión a Internet. Dentro deste grupo, un 76,6% dispón de páxina web.

Un 39,6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia emprega os medios sociais fronte ao 27,3% das microempresas. Os valores deste indicador para as empresas galegas superan lixeiramente a media estatal.

O 92,8 % das microempresas con sede en Galicia e o 93,3% das grandes empresas con actividade en Galicia empregan as redes sociais.

Nove de cada dez empresas de 10 ou máis empregados/as e dúas de cada tres microempresas interactúan coas Administracións Públicas a través de Internet.

Unha de cada cinco empresas de 10 ou máis persoas empregadas con actividade en Galicia vendeu a través de Internet, cun incremento de máis de 4 puntos no último ano.

En canto ao uso da administración electrónica, o 49,3% da poboación que empregou Internet nos últimos doce meses interactuou coas administracións públicas para enviar formularios cumprimentados, cun crecemento do 166,5% no período 2008 – 2013.

2.4. EMPODERAMENTO, LIDERADO E POSTOS DE RESPONSABILIDADE

A visibilización das mulleres en diversos ámbitos institucionais contribúe a aumentar o interese das mulleres por participar en órganos e institucións de toma de decisións tanto no ámbito político, coma no empresarial e social.


Como xa se comentou anteriormente, o nivel formativo ten unha relación directa co emprego e a presenza en postos de responsabilidade. En Galicia a muller está moi presente en todos os niveis educativos, sendo o incremento da poboación feminina nos estudos universitarios, máis rápido e continuado en España que na maioría dos países da Unión Europea. No ano 2013 un 61,6% das persoas tituladas nas universidades galegas eran mulleres.

Nese mesmo ano, a presenza da muller é maioritaria en todos os niveis de formación universitaria: 53,7% do estudiantado de grao, 53,3% do alumnado de mesteres oficiais e o 52% entre o estudiantado do doutoramento.

A evolución do alumnado universitario por área de coñecemento pon de manifesto a segregación existente no alumnado matriculado na opción científico-técnica, pero os datos do ano 2014 do alumnado matriculado nas universidades galegas reflicten que a maioría do alumnado en todas as disciplinas é feminino, a excepción da Enxeñería e Arquitectura, disciplina na que só o 29,2% das persoas matriculadas son mulleres. A maior porcentaxe de alumnado feminino atópase na área de Ciencias da Saúde onde case tres de cada catro persoas son mulleres (73,4%).

No ano 2013 un 61,6% das persoas tituladas nas universidades galegas eran mulleres.

Persoas matriculadas nas universidades galegas segundo a rama de coñecemento e sexo. Ano 2014



Fonte: IGE- Información subministrada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Ano 2014

En todos os países da Unión Europea as mulleres, a mocidade, as persoas ocupadas e as persoas con maior nivel educativo son as que máis participan na aprendizaxe permanente.

En España a participación feminina na formación relacionada co traballo é menor ca masculina. No caso da formación non formal, que non está en absoluto relacionada co traballo, a participación feminina é maior segundo o estudo de Eurostat, Adult Education Survey.

Segundo este estudo, a xustificación da menor actividade formativa feminina en coñecementos relacionados co traballo pode asociarse tanto coa menor participación na actividade laboral coma no menor peso que as mulleres conceden a diferentes conceptos vinculados co mercado de traballo: acceso, promoción e cambio de traballo ou profesión.

A participación en actividades formativas e educativas presenta unha serie de obstáculos para homes e mulleres tales como son a xornada laboral, o custo da formación ou as responsabilidades familiares. Para os homes a principal dificultade é a xornada laboral, mentres que para as mulleres a principal dificultade para poder formarse son as responsabilidades familiares. O feito de que as responsabilidades familiares condicionen a realización de actividades formativas é relevante para un 40% das mulleres fronte a un 18% dos homes que así o consideran. Estes valores son moi superiores aos da media da Unión

Europea onde para un 31% das mulleres e un 12% para os homes a responsabilidade familiar é un atranco para a realización de actividades formativas.

A enquisa sobre a participación da poboación adulta nas actividades de aprendizaxe (EADA), sinala que máis de 7,5 millóns de persoas intentaron adquirir coñecementos por conta propia.

En relación á participación das mulleres, destaca a maior participación daquelas de mediana idade (45-55 anos) e das desempregadas e inactivas, fronte aos homes do mesmo perfil. É importante destacar que, entre os medios empregados para a aprendizaxe, as mulleres empregan menos o ordenador (un 49,6% das mulleres fronte ao 57,4% dos homes) optando en maior grao pola formación presencial e con medios audiovisuais. .

As temáticas máis escollidas pola muller son a saúde e os servizos sociais, cunha demanda de 4,9 puntos porcentuais maior que os homes, así como as ciencias da educación e as artes e humanidades.

Pola contra os homes demandan en maior medida a formación vinculada coa mecánica, electrónica e outra formación técnica como a informática. As actividades formativas relacionadas coa informática son 2,7 puntos porcentuais máis demandadas por homes que por mulleres.

Estas demandas están moi vinculadas aos tradicionais roles de xénero polo que romper con esta tendencia é unha responsabilidade de todas as persoas e institucións.

A presenza das mulleres en postos de responsabilidade segue a ser reducida segundo as estatísticas presentadas polo Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades

A presenza da muller es postos de responsabilidade segue a ser reducida segundo reflicten os diferentes estudos e estatísticas e tamén está moi asociada a profesións tradicionalmente femininas.


Tamén é preciso destacar a presenza da muller nos órganos constitucionais, segundo o **Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades**, os datos do 2011 reflicten unha baixa representatividade, sendo inferior ao 10% no Tribunal de Cuentas e na Junta Electoral Central, próxima ao 20% dos Maxistrados do Tribunal Constitucional, no Consejo de Estado e no Consejo Económico Social e superior ao 30% no Consejo General del Poder Judicial.

A presenza de mulleres nos cargos executivos dos partidos políticos e entre os seus afiliados/as é de media un 30% (ano 2010).

A presenza feminina no Congreso e no Senado é inferior ao 40% do total de persoas que integran cada unha das Cámaras (un 33,3% no Senado e un 35,4 % no Congreso). No Senado incrementouse a participación das mulleres nas últimas lexislaturas, desde o 20'4 ata a actualidade, en case dez puntos. No Congreso a evolución tamén era positiva ata a última lexislatura, na que se reduciu a porcentaxe de mulleres en case 3 puntos porcentuais pasando dunha representatividade do 38,26% da Cámara na lexislatura 2008-2011 ao 35,43% na lexislatura 2011-2015.

Na Xunta de Galicia 41,90% dos postos de elevada responsabilidade son ocupados por mulleres.

Representatividade por sexo na Xunta de Galicia



Fonte: Dirección Xeral da Función Pública. Consellería de Facenda. Datos actualizados a marzo 2016

Nos órganos locais, os datos de representatividade das mulleres foron incrementándose paulatinamente nas últimas 3 lexislaturas. En relación ao número de alcaldesas, Galicia conta cun 7,62% de mulleres con este cargo, taxa inferior á media nacional que tivo un valor de 16,77% na última lexislatura.

Persoas representantes nos concellos galegos. Alcaldesas

| | España | | Galicia | |
|-----------------------|--------|------------|---------|------------|
| | Total | % mulleres | Total | % mulleres |
| Lexislatura 2004-2006 | 8073 | 12,56 | 314 | 4,46 |
| Lexislatura 2007-2010 | 8075 | 14,6 | 314 | 7,96 |
| Lexislatura 2011-2014 | 8078 | 16,77 | 315 | 7,62 |

Fonte: IGE e Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades. Mujeres en cifras

Pola contra, o número de concelleiras en Galicia é superior á media de España en 2,5 puntos porcentuais.

Persoas representantes nos concellos galegos. Concelleiras

| | España | | Galicia | |
|-----------------------|--------|------------|---------|------------|
| | Total | % mulleres | Total | % mulleres |
| Lexislatura 2004-2006 | 62443 | 25,53 | 3819 | 20,66 |
| Lexislatura 2007-2010 | 66115 | 30,5 | 3343 | 31,83 |
| Lexislatura 2011-2014 | 59996 | 35,24 | 3468 | 37,75 |

Fonte: IGE e Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades. Mujeres en cifras

Na Administración General del Estado, as mulleres representan o 71% do corpo de auxiliares administrativos e un 42,7% do corpo superior (subgrupo A1).

Na Administración pública a porcentaxe de mulleres nos Consellos de administración dos organismos públicos empresariais é do 14,4% (dato do ano 2008, *Informe CES 2011*).

O desequilibrio de xénero nos órganos de dirección das empresas é xeralizado en toda a Unión Europea xa que mentres que as mulleres representan o 45% do total de persoas traballadoras, un 33% dos postos directivos son ocupados por mulleres.

En España, nun dos principais referentes, as empresas do IBEX 35, as mulleres representan o 9,36% das persoas da alta dirección.

Participación das mulleres nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35

| | | 2013 | 2012 | 2011 | 2010 | 2009 | 2008 | 2007 |
|-----------|--|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| % Mujeres | Total Persoas na Alta Dirección | 9,36 | 8,29 | 7,24 | 6,73 | 6,59 | 5,81 | 4,29 |
| | Presidencia Executiva | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 2,78 | 3,45 | 3,57 |
| | Vicepresidencia Executiva | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Consellería Delegada | 6,45 | 9,09 | 5,88 | 4,76 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| | Secretaría Xeral/Secretaría Técnica | 16,67 | 10,34 | 7,14 | 0,00 | 8,70 | 10,00 | 4,55 |
| | Membros da alta dirección | 9,93 | 8,87 | 7,88 | 7,76 | 7,14 | 6,26 | 4,67 |

Fonte: Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades

Segundo o estudo do ano 2014 *Las mujeres en los Consejos de Administración de las empresas españolas*, Galicia, Madrid e Asturias contan coas porcentaxes máis altas de empresas con máis do 40% de mulleres no seu Consello de Administración.

Das 992.090 empresas analizadas en España, só un 26,33% (261.202 empresas) contan con máis do 40% de mulleres no seu Consello de Administración.

En Galicia un 28,95% das empresas teñen un 40% de mulleres nos seus Consellos de Administración e nas empresas máis grandes (con 250 empregados/as) esta porcentaxe baixa ata o 10,57%.

No ano 2014, un 32,7% das persoas que ocupaban cargos de dirección ou xerencia en Galicia eran mulleres.

Poboación ocupada na dirección, xerencia de empresas e en actividades profesionais segundo o sexo. Ano 2014

| | Poboación en miles | | | Porcentaxe | | |
|---|--------------------|-------|----------|------------|-------|----------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres |
| A. Dirección e xerencia | 36,2 | 24,4 | 11,9 | 100 | 67,3 | 32,7 |
| Directivos/as de departamentos administrativos e dirección de produción de operacións | 17,7 | 11,7 | 6 | 100 | 66,1 | 33,9 |
| B. Técnicos/as e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino | 99,7 | 30,9 | 68,8 | 100 | 31 | 69 |
| C. Outros técnicos/as e profesionais científicos e intelectuais | 69,3 | 40,5 | 28,8 | 100 | 58,4 | 41,6 |
| D. Técnicos/as, profesionais de apoio | 93,2 | 58,5 | 34,7 | 100 | 62,8 | 37,2 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa, ano 2014

A participación das mulleres é menor nas empresas dos sectores vinculados á enerxía e actividades inmobiliarias, sendo maior nos sectores da educación, sanidade e servizos.

A infrarepresentación da muller tamén está presente no ámbito académico. Só existen 10 reitoras no conxunto das Universidades españolas, o que representa o 13% do total. En relación á porcentaxe de mulleres no Goberno das Universidades Galegas, nos actuais mandatos, na USC as mulleres representan o 55% das persoas que compoñen o Equipo reitoral, e o 57% na UDC e na UVigo.

No que se refire ao cadro de persoal das Universidades, as mulleres representan de media o 40% do persoal, sendo o grupo do persoal de administración e servizos o máis representativo cun 68,5% do total de persoas desa categoría profesional.

A presenza das mulleres nas Reais Academias tamén dista de ser paritaria, pois no ano 2011 representaban un 7,5% do total.

O chamado "teito de cristal", que impide que as mulleres acaden maiores postos de responsabilidade no seu ámbito profesional, obedece a determinadas pautas culturais e sociais tales como son a subestimación das capacidades de dirección das mulleres, a permanencia das responsabilidades domésticas e de coidado asociadas á figura da muller. Por tales motivos, o desenvolvemento dunha carreira profesional presenta unha dobre dificultade que non atopa a poboación masculina.

A infrarepresentación da muller no ámbito académico obsérvase nos órganos reitores.

3. CONCLUSIÓNS

A participación das mulleres no mercado laboral é unha realidade pero segue a precisar a realización de actuacións que permitan acadar os mesmos dereitos tanto para as mulleres como para os homes. O acceso ao emprego, as condicións de traballo e os servizos que permitan conciliar a vida persoal, laboral e familiar da poboación deben ser recollidos e tratados de xeito igualitario.

A **taxa de actividade da muller ten unha tendencia positiva ata o ano 2014** reducindo as diferenzas porcentuais coa taxa de actividade dos homes. A taxa de actividade en Galicia é de 53,8, situándose no caso das mulleres en 49. Esta taxa feminina de actividade en Galicia é case cinco puntos porcentuais inferior á media das mulleres en España.

A maior taxa de actividade das mulleres en Galicia sitúase na provincia da Coruña.

En relación á taxa de paro das mulleres en Galicia, o menor valor corresponde á provincia da Coruña, cun 17,4%, Pola contra, é a provincia de Pontevedra a que ten o maior taxa de paro feminino (25,2%).

No ano 2014 as mulleres representan o 58% da poboación inactiva en Galicia. A situación de inactividade máis común é a xubilación (65,3%) así como as mulleres dedicadas ás labores do fogar que representan un 29% do total de mulleres inactivas fronte ao 7% dos homes. Unha causa importante para non buscar emprego é o coidado de familiares ou outras responsabilidades neste eido, labor que é desenvolvida polo 15,7 % das mulleres inactivas en Galicia.

A taxa de paro en Galicia é inferior á media de España, tanto para mulleres (21,69% en Galicia fronte ao 23,6 % en España) como para os homes (21,62% en Galicia fronte ao 25,43 % en España). As diferenzas por razón de xénero en Galicia son dun punto porcentual aproximadamente para os tramos de idade inferiores aos 55 anos, sendo maior a taxa de paro das mulleres. A partir dos 55 anos, a taxa de paro dos homes é superior á das mulleres en máis de 3 puntos porcentuais.

A pesar de que o número de mulleres en situación de desemprego é inferior ao de homes, en termos de poboación que busca o seu primeiro emprego, as mulleres representan o 56% do

total, sendo esta **dificultade para atopar unha primeira experiencia laboral unha das principais trabas da muller para a súa incorporación ao mercado laboral.**

A participación da muller no mercado de traballo concéntrase principalmente en **ocupacións tradicionalmente femininas dentro do sector servizos.** As ocupacións con maior representatividade son o comercio cun 17,6%, a área sanitaria e de servizos sociais cun 13,5%, e a educación con máis do 10% do total de mulleres ocupadas, segundo os datos facilitados polo INE na enquisa de poboación activa do ano 2014. Do mesmo xeito, as actividades financeiras e de seguros así como as actividades administrativas, cada vez teñen maior presenza feminina sendo en termos absolutos maior o número de mulleres empregadas nestas áreas que o de homes.

En relación ás categorías profesionais, as mulleres desenvolven principalmente actividades ou postos considerados elementais onde o número de mulleres (65,2%) duplícase con respecto ao número de homes (37,4%). Este feito contrasta coa particularidade de que as mulleres teñen un nivel formativo superior aos homes posto que o 40,4 % das mulleres entre 25 e 64 anos ten un título de educación superior, 10 puntos máis que os homes.

A muller tamén representa máis do 65% das persoas que realizan tarefas contables ou administrativas e das persoas traballadoras dos servizos de restauración ou persoais.

O perfil científico ou intelectual das mulleres tamén superou aos dos homes, representando o 57,8% das persoas da segunda categoría profesional do CNO empregado polo INE. Non obstante, no caso dos postos de dirección e xerencia a muller non acada o 33% do total de poboación ocupada nesta categoría.

Emprego por conta allea

As mulleres ocupadas en Galicia son principalmente asalariadas (81,5%) no sector privado un 60% e no sector público un 21,5% do total.

En Galicia, o 46,9% dos contratos do ano 2014 foron asinados por mulleres. Destes 368.872 contratos asinados polas mulleres, máis dun 43% responden a circunstancias da produción, un 30% foron por obra e servizo, un 15% de interinidade e só un 5% da contratación foi indefinida.

A xornada laboral de mulleres e homes é maioritariamente a tempo completo, un 77% do total de mulleres ocupadas traballan a tempo completo fronte ao 94% do total dos homes.

No caso das persoas con xornada a tempo parcial tres de cada catro son mulleres, fronte ao 25% de homes.

O principal motivo das mulleres para traballar a tempo parcial é non atopar un traballo a tempo completo (65,5%) e a segunda motivación é o coidado de familiares, nenos/as ou persoas adultas e outras obrigas familiares ou persoais (16,2%).

En termos anuais o salario das mulleres en Galicia **no ano 2013** representa un 77,6% do dos homes. É dicir, **as mulleres percibiron un salario un 22,4% inferior ao dos homes**. Se realizamos a comparativa a nivel estatal, a fenda salarial é do 22,7%, 6,3 puntos porcentuais por riba da fenda salarial media na Unión europea (16,4%).

A fenda salarial é maior no sector servizos ás empresas (33,36%) e as menores diferenzas salariais prodúcense no sector da construción (3,28%). En relación á idade, o dato máis positivo é o 16,86% de diferenza salarial que existe entre as mulleres e homes cunha idade comprendida entre os 26 e os 35 anos.

A ganancia media anual das mulleres nos contratos de duración indefinida é un 25,4% inferior á dos homes. Nos contratos de duración determinada, esta diferenza redúcese situándose nun 16,37%.

Emprendemento

A taxa de emprendemento feminino en Galicia para o ano 2014, segundo o último dato publicado polo GEM Galicia, é dun 3,68%. No ano 2014 as empresarias galegas representan o 17,2% das mulleres ocupadas na nosa comunidade e unha de cada catro empresarias ten persoas contratadas no seu negocio. Os empresarios representan preto do 25% do total de homes ocupados en Galicia, dos cales un 34% conta con persoal asalariado.

Conciliación e usos do tempo

Segundo mantén a Unión Europea, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar é un elemento primordial para acadar a igualdade de xénero e do mesmo xeito, a incorporación da muller ao mercado laboral é imprescindible para incrementar a poboación activa e para evitar o envellecemento da poboación.

En canto ao emprego do tempo, a enquisa de usos do tempo elaborada periodicamente polo INE, nos datos referentes ao período 2002-2003, reflicte que os homes destinaban unha media de 2:30 horas ao fogar e á familia, fronte ás 4:51 horas das mulleres. A evolución destes datos, segundo a enquisa do período 2009-2010, supón un pequeno cambio incrementándose en 10 minutos o tempo medio dos homes no fogar e a baixada en 20 minutos do tempo das mulleres no fogar. En termos globais **as mulleres seguen a dedicar 1:51 horas máis de media ao fogar e á familia que os homes.**

En relación á estrutura familiar, en Galicia no ano 2014, as parellas con fillos/as representa o 37,7% do total de familias, as parellas sen fillos/as o 19,1% do total e os fogares monoparentais o 9% do total.

Neste termos, en Galicia, a idade media da muller en relación ao nacemento do seu primeiro fillo/a pasou dos 28 anos en 1975 a case os 32 anos se tomamos como referencia as estatísticas do ano 2011.

As prestacións por maternidade en Galicia distribúense maioritariamente entre as mulleres sendo un 2,2 % dos pais preceptores das prestacións. Este dato é un 0,3 % superior ao do resto do Estado. En relación ás prestacións de paternidade, no ano 2014 reduciuse o número de procesos respecto ao ano anterior tanto en España como en Galicia. Na nosa comunidade autónoma no ano 2013 recibíronse 11.360 prestacións de paternidade fronte ás 11.156 do ano 2014.

As políticas de conciliación en relación ás excedencias das persoas traballadoras presentan datos nos que **a muller é a principal demandante de excedencias**, representando **o 82% do total de excedencias solicitadas en Galicia para o coidado de familiares e máis do 94% do total no caso do coidado de fillos/as.**

No ano 2012, en Galicia 30.132 persoas acolléronse á **redución de xornada** para persoas con fillos/as de 0 a 12 anos, sendo **o 74% das solicitudes realizadas por mulleres.**

Segundo os últimos datos publicados en relación ao emprego de persoas alleas á familia para o coidado de menores, no ano 2010, un 16% da poboación con fillos/as propios ou da parella que viven no fogar opta por servizos externos para o coidado dos seus fillos/as. Destas 72.100 persoas, un 89% son persoas ocupadas.

As dificultades para compatibilizar a vida persoal, laboral e familiar tamén están asociadas ás longas xornadas laborais e á rixidez dos horarios de entrada e saída do traballo polo que 35.050 persoas en Galicia (un 96% mulleres) optan por non traballar ou desenvolver traballos a tempo parcial que lles permitan coidar dos seus fillos/as. Para máis da metade da

poboación que opta por esta alternativa, a principal motivación é o custe dos servizos de coidado de nenos/as.

Ademais do coidado dos/as fillos/as, en moitos casos, as persoas en idade laboral teñen que facer fronte ao coidado de **persoas dependentes**. No ano 2010, un 10,7% da poboación en Galicia facíase cargo regularmente dunha persoa dependente sendo, **nun 65% dos casos, as mulleres as persoas coidadoras**. No caso da poboación parada, o reparto entre sexos do coidado de persoas dependentes é equitativo mentres que no caso da poboación activa un 75% das persoas coidadoras son mulleres.

